

5. PROBLEMAS DE ECUACIONES DE 1º GRAO I**2º E.S.O**

1. O numerador dunha fracción excede en 4 ao denominador, e sumando 5 aos dous termos obtense unha fracción equivalente a $\frac{3}{2}$. Acha a fracción.
2. O denominador dunha fracción excede en 4 ao numerador. Se se suman 3 unidades a cada termo, a nova fracción é equivalente a $\frac{2}{3}$. Acha a fracción.
3. Unha persoa merca un obxecto e véndeo por 2880 euros, gañando a vixésima parte do que lle custou. Canto pagou por el?
4. Unha persoa gasta en comer a metade do seu soldo, e noutros gastos as $\frac{3}{5}$ partes do resto. Se aforra 260 euros mensuais, acha o seu soldo.
5. Consumíronse as $\frac{7}{8}$ partes dun bidón de aceite. Repondo 38 litros quedou cheo nas súas $\frac{3}{5}$ partes. Calcula a capacidade do bidón.
6. Gastando 500 euros e despois a sexta parte do que me queda, resulta que teño 700 euros menos que ao principio. Canto diñeiro levaba?
7. Se ao dobre das canicas que teño lle quito 8 e divido o restante por 3, dame a metade das que teño. Cantas canicas teño?
8. A suma de tres números consecutivos é igual á unidade aumentada no dobre do maior. Calcula os números.
9. Acha tres números consecutivos cuxa suma sexa 24.
10. Acha tres números pares consecutivos cuxa suma sexa 18.
11. Acha tres números impares consecutivos cuxa suma sexa 27.
12. A diferenza entre os cadrados de dous números consecutivos é 97. Calcular ditos números.
13. Acha dous números consecutivos sabendo que a diferenza dos seus cadrados é 33.
14. Acha dous números pares consecutivos sabendo que a diferenza dos seus cadrados é 84.
15. Unha nai ten 49 anos e o seu fillo 21. Cantos anos fai que a idade da nai era o triple ca do fillo?
16. Unha nai ten 32 anos e as súas fillas 8 e 6 respectivamente. ¿Dentro de cantos anos a idade da nai será a suma das idades das fillas?
17. Un pai ten 44 anos e a súa filla 20. Canto tempo pasou desde que a idade do pai foi o cuádruplo da da filla?
18. A ten 3 anos máis que B e este 9 máis que C. Calcula a idade de cada un se entre os tres suman 39.
19. Unha señora ten 70 anos e o seu fillo a metade. Cantos anos pasaron desde a idade da nai foi triple da do fillo?
20. Calcula a idade dunha persoa sabendo que se ao triple da súa idade lle quito o cuádruplo da que tiña fai 10 anos, resulta a súa idade actual.
21. Mercáronse 12 metros de tea. Se o metro custase 3 euros menos, co mesmo diñeiro mercaría 4m. máis. Acha o prezo do metro.
22. Un comerciante vende a terceira parte dunha peza de tea. Despois vende as $\frac{3}{4}$ partes do resto, e sóbralle así 6 m. Canto medía a peza?